

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DE FILOSOFÍA 2021-2022

Elaboramos esta addenda ou anexo á programación do Departamento de Filosofía, que ven xustificada pola recente modificación do sistema de avaliación extraordinario que comeza a aplicarse xa neste curso. Todo isto ven motivado pola aplicación paulatina da nova reforma educativa (LONLOE).

Neste treito final do curso presente vaise producir un cambio significativo respecto á avaliación extraordinaria, que viña realizándose no mes de setembro. Agora esta avaliación **EXTRAORDINARIA** vaise realizar no mes de xuño, aproximadamente entre os días 20-23 de xuño. Isto obríganos a refacer o calendario de avaliacións, os criterios de promoción e titulación, e axustar os contidos programados, pois esta muda de datas condiciona tamén o período de avaliación **ORDINARIA**.

Por esta razón temos que modificar varios apartados na nosa programación de Departamento. A continuación iremos indicando con claridade aqueles apartados e condicións que se modifican, e en que cursos.

CURSOS ESO

No treito de secundaria, desde 1º a 4º de ESO as materias impartidas por este departamento son as de **Valores Éticos** en cada un deles e a **Filosofía** de 4ª de ESO. Todos eles deben estar avaliados da **3º avaliación** antes do 6 de xuño, quedando claramente indicado que alumnado ten que facer unha proba de recuperación antes do remate do curso (entre os días 20-23 de xuño) para superar as materias correspondentes. O resto do alumnado que xa teña aprobado as súas materias ten a obriga de asistir ao centro e ás clases.

Para o alumnado interesado en mellorar a **nota global final** imos programar actividades, lecturas ou tarefas que permitan, neses días que restan para o final oficial do curso, **subir até un punto a súa cualificación**.

No caso nos distintos niveis de **VALORES ÉTICOS** consistirá en algunha tarefa extra ou repetir algunha que xa fixemos ao longo do curso. Tamén podería ser algunha que se traballou en equipo. A nota final despois deste esforzo final non subirá máis que un punto como máximo.

Tamén o **alumnado coa materia suspensa** debe implicarse nestas últimas sesións para intentar chegar ao aprobado. O máis probable é que este alumnado suspenso estea nesa condición por non haber realizado actividades ordinariamente, ou que eran insuficientes en contido e presentación. Por iso mesmo, o xeito que propoñemos para aprobar a materia en calquera dos niveis é **a realización ou repeticións desas actividades xa programadas.**

Polo tanto, as sesións deste treito final de curso terán unha orientación máis práctica que teórica, no sentido de que non se presentaran novos contidos. O profesorado axudará a mellorar as competencias para realizar optimamente algunhas tarefas do curso.

Polo que respecta á materia de **FILOSOFÍA de 4º de ESO**, coa axuda do profesor axudarase ao alumnado coa materia suspensa a prepararse para ese exame de recuperación final. A repasar e revisar o principal de cada tema para afrontar o exame con expectativas positivas.

Para os que queiran mellorar a nota (1 punto como máximo), ofreceráselles a opción de realizar tarefas, traballos ou lecturas para que neste período de tempo non teñan actitude pasiva e sensación de "tempo perdido". Pois teñen a obriga de asistir a clases. **Estas actividades complementarias poden ir desde exposicións orais ou presentacións, análise e comentario de vídeos, textos con cuestións, lecturas de libros comentadas, etc.**

CURSOS DE BACHARELATO

Realmente esta modificación só vai afectar ao curso de FILOSOFÍA de 1º de bacharelato, pois as outras materias que se imparten nesta etapa educativa (Psicoloxía e Historia da Filosofía) corresponde ao curso de 2º que xa están avaliados desde o mes maio. Indicar unicamente, que o

alumnado con calquera desas materias suspensas debe realizar a proba extraordinaria tamén no mes de xuño. Nestes casos o alumnado non ten obriga de asistir a clases, pero pode contactar co profesorado para resolver dúbidas ou calquera aclaración pertinente sobre esas probas ou exames extraordinarios.

Polo que respecta á **FILOSOFÍA de 1º de bacharelato** vaise dar a situación de que o alumnado ten a obriga de asistir ao centro e ás respectivas clases de materia, pero non se pode modificar a nota lograda na avaliación ordinaria. **Isto é, aínda que fagan tarefas, traballos ou lecturas non se pode cambiar a nota lograda na data do 7 de xuño.** Polo tanto, o noso deber é revisar cumpridamente a asistencia e procurar entreter pedagoxicamente ese voluntarismo.

Porén, ao alumnado con algunha avaliación suspensa na materia de Filosofía de 1º de bacharelato, previamente á avaliación ordinaria realizou unha recuperación por avaliacións como está previsto na programación da materia. Nesta só teñen que examinarse dos contidos asignados ás avaliacións que non teñan superadas; non teñen porque examinarse de contidos que xa aprobaron nos parciais de cada avaliación. Esta será unha proba única para todos os grupos, e realizaremola antes do 7 de xuño, data da avaliación ordinaria.

Se despois deste proceso de avaliación aínda queda alumnado coa materia suspensa, entón si que deberán realizar **a proba extraordinaria a celebrar entre o 20 e 23 de xuño.** E nas clases previas estará o profesor orientando e axudando a preparar ese exame definitivo. Será unha proba única cunha baremación clásica que vai de 0 a 10, considerando o 5 como a nota mínima para conseguir o aprobado.